

## **CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL DE ESTUDANTES PARA PRÁCTICAS EN EMPRESAS DE EUROPA**

### **PROGRAMA ERASMUS- PRÁCTICAS. CURSO 2010/2011**

Co fin de contribuír a completar a formación dos estudantes mediante a realización de prácticas, a Universidade da Coruña fai pública a **I Convocatoria de Bolsas de Mobilidade Internacional de Estudantes para Prácticas en Empresas de Europa para o curso 2010/2011**, destinada ao estudiantado matriculado en centros propios ou adscritos da Universidade da Coruña para realizar estadias en empresas u organizacións estranxeiras no marco do **programa Erasmus Prácticas**. Os condicionantes da convocatoria baséanse na Guía do Programa de Aprendizaxe Permanente e no compromiso adquirido pola UDC na Carta Universitaria Erasmus outorgada pola Comisión Europea.

### **FINANCIAMENTO**

Esta convocatoria finánciase coas achegas orzamentarias conxuntas da Comisión Europea e da Universidade da Coruña con cargo a aplicación orzamentaria nº 9870.9902.30-422D-48010 polo importe inicial de 35000€, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado.

### **REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA.**

Os requisitos para participar no programa son os seguintes:

- Posuír a nacionalidade dun dos países participantes no programa Erasmus ou estar recoñecido polo país onde reside como refuxiado, apátrida ou residente permanente.
- Estar matriculado nun programa de estudos oficial de UDC, nos niveis primeiro ciclo, segundo ciclo, grao, mestrado ou doutoramento, tanto no momento de realizar a solicitude como durante o período de prácticas. No caso de estudantes de doutoramento, ademais, só poderán realizar esta mobilidade se o traballo a realizar é parte esencial do seu traballo de tese doutoral.
- Estar matriculado como mínimo no segundo curso dun plano de estudos para o estudiantado de licenciatura, diplomatura, arquitectura, enxeñaría ou grao.

### **PERIODO E LUGAR DE REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.**

- As estadias realizaranse entre o 1 de xullo 2010 e o 30 de setembro de 2011 e terán unha duración entre 3 meses e 12 meses.
- Realizaranse nunha organización de calquera país membro da Unión Europea, países da AELC/EEE (Islandia, Liechtenstein y Noruega) ou Turquía. Las organizacións elixibles para las prácticas poden ser empresas, centros de formación, centros de investigación u outras organizacións públicas o privadas, incluídas as Institucións de Educación Superior.

## OBRIGAS DO SOLICITANTE E DA UDC

- Será responsabilidade do estudante encontrar a empresa de destino, pero será a UDC quen determine a elexibilidade da empresa ou da institución aos efectos da mobilidade para prácticas..
- No caso de que as prácticas formen parte da ensinanza regrada, o recoñecemento das mesmas aos efectos académicos farase consonte á Norma de recoñecemento de prácticas da UDC e do Centro.
- Recoméndase que un profesor da titulación do solicitante actúe como titor.

## INCOMPATIBILIDADES

- Non se considerará ningunha candidatura cuxa mobilidade xa comezara no momento da solicitude, ou teña previsto empezar nas 4 semanas seguintes.
- Non poderán participar nesta convocatoria estudantes que xa teñan participado nos programas Erasmus prácticas ou Leonardo da Vinci.

## ACORDO DE FORMACIÓN E RECOÑECEMENTO ACADÉMICO

Deberáselle outorgar pleno recoñecemento académico ao período de prácticas incluíndoo no expediente académico do estudante, ou como mínimo facéndoo constar no Suplemento Europeo ao Título.

Este recoñecemento se recolle nun Acordo de Formación. As posibles modificacións do Acordo deben realizarse no prazo de un mes a partir da chegada do estudante o destino. O recoñecemento unicamente poderá ser rexeitado se o estudante non alcanzase o nivel profesional requirido pola organización de acollida.

## SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

O estudante formalizará a solicitude entregando os documentos seguintes:

- Formulario de candidatura on-line dispoñible en <http://www.udc.es/moveonline3/moveonline/outgoing/welcome.php>. Indicarase a opción de programa “Erasmus Practicas” coa modalidade “prácticas en empresas”, así como os datos da empresa de destino e la persoa de contacto nela.
- O **Acordo de Formación** (Training Agreement) debidamente cumprimentado (en español o inglés) e asinado polo estudante y por la empresa de destino. Debe ser aprobado por la UDC. Dispoñible en español e inglés en <http://www.udc.es/ori/cas/formularios.shtml>
- Certificado de expediente académico do solicitante con nota media simple (é válido o extracto impreso por internet).
- Currículum Vitae
- Documentación acreditativa de nivel de coñecemento do idioma do país de destino (ou idioma esixido pola organización de destino)
- Documentación acreditativa doutros méritos que se quixeren facer valer.

## **LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

As solicitudes entregaranse nas Oficinas de Relacións Internacionais dos campus da Coruña ou Ferrol. O prazo de presentación permanecerá aberto dende o día da publicación desta convocatoria na páxina Web da UDC ate o **1 de maio de 2011**.

## **CRITERIOS E COMISIÓN DE SELECCIÓN**

A selección farase consonte os seguintes criterios:

- Nota media simple do expediente académico
- Currículo
- Coñecemento do idioma requirido pola organización de destino
- Aprobación do acordo de prácticas por parte del coordinador departamental Erasmus e, no caso de existir, o coordinador de prácticas do centro da UDC no que estea matriculado o estudante. Terán preferencia os acordos con pleno recoñecemento de créditos, sobre los que só se consideren para incorporar en el suplemento al diploma.

A composición da comisión para a selección será a seguinte:

- A vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, Maria José Martinez, que actuará como presidenta da comisión.
- A directora dla Oficina de Relacións Internacionais, Bertha Guijarro
- A responsable técnica de Relacións Internacionais, Sandra King
- O coordinador académico do centro de orixe do solicitante
- O coordinador de prácticas do centro, si existir.

As bolsas adxudicaranse segundo a orde de solicitudes no rexistro de entrada ata esgotar a dispoñibilidade orzamentaria.

## **RESOLUCIÓNS**

1. A proposta de selección farase mediante resolución publicada na páxina web da ORI [www.udc.es/ori](http://www.udc.es/ori). A ORI comunicarao tamén ao estudante por correo electrónico.
2. Contra a proposta de selección poderase presentar reclamación mediante instancia dirixida á presidencia da comisión no prazo de 5 días naturais desde a publicación da proposta de selección. A comisión de selección deberá resolver no prazo de 7 días naturais que comezarán a contar desde a finalización do prazo de presentación das reclamacións.
3. Esta resolución esgotará a vía administrativa e contra ela poderase presentar recurso de reposición ou recurso contencioso administrativo nos prazos e formas previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro
4. A proposta definitiva de selección do/a estudante suporá a aprobación provisional polo centro/departamento do compromiso de estudos, pendente da realización da matrícula nas materias correspondentes en tempo e forma.
5. En calquera caso, a adxudicación definitiva da axuda dependerá da aceptación do/a estudante por parte da organización de destino.

## ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán formalizar a aceptación ou renuncia da axuda mediante un escrito (véxase Anexo I) presentado na ORI nun prazo de 10 días naturais dende a publicación da resolución na páxina Web da ORI.

## CUANTÍA DE LA AYUDA

A axuda cubre parcialmente conceptos de manutención, aloxamento, seguro e viaxe. O importe será de 360€/mes (ou fracción correspondente cando a estadía inclúa meses incompletos).

A empresa pode considerar algunha axuda adicional que será compatible coa axuda de prácticas Erasmus. Así mesmo, tamén a empresa pode considerar pedir ao estudante o pago de algunha cantidade por seguro adicional, aloxamento, etc.

## PAGAMENTO DAS AXUDAS

Para recibir a axuda, a persoa adxudataria deberá asinar na ORI un contrato de subvención antes da súa incorporación á organización de destino.

O pagamento farase en dúas veces:

- 80% da axuda cando se reciba na ORI o certificado de chegada debidamente selado e asinado por el coordinador/titor da empresa de destino.
- 20% restante pagarase logo de se presentar na ORI o certificado de fin de estadía asinado pola empresa que especifique as datas reais da estancia, así como un “informe de experiencia do estudante” e un “informe de avaliación da práctica” redactado polo titor da empresa.

Os modelos de certificado de chegada, fin de estancia e informe de experiencia pódense atopar en <http://www.udc.es/ori/cas/formularios.shtml>. No haberá modelo de informe de avaliación da práctica polo titor da empresa.

O incumprimento no envío destes documentos poderá dar lugar a perda da condición de bolseiro/a e a obriga da devolución da axuda recibida.

## SEGUROS

A UDC ten subscrita unha póliza de accidentes-seguro colectivo que cobre as persoas adxudicatarias durante o período de mobilidade. Non obstante, os adxudicatarios/as ten que subscribir ao seu cargo un seguro para cubrir as continxencias médicas no país de destino e acreditar a vixencia deste seguro ante a ORI antes da súa viaxe.

## INFORMACIÓN

A información sobre o Programa Erasmus Prácticas pode consultarse en <http://www.oapee.es/oapee/inicio/pap/erasmus/estudiantes-en-practicas.html>.

Para máis información dirixirse a Oficina de Relacións Internacionais:

CAMPUS DA CORUÑA  
Edificio O Lagar  
Campus de Elviña  
Tel: 981 167 000 (ext. 1959, 1960)  
Correo electrónico: [outgoing.rrii@udc.es](mailto:outgoing.rrii@udc.es)

CAMPUS DE FERROL  
Edificio de Apoio ao Estudo  
Campus de Esteiro  
Tel: 981 337 400 (ext. 3634)  
Correo electrónico: [riferrol@udc.es](mailto:riferrol@udc.es)

A Coruña, 2 de xuño de 2010  
O Reitor  
José María Barja Pérez



**ANEXO I**

**ACEPTACIÓN/RENUNCIA Á BOLSA DE ERASMUS PRÁCTICAS**

**Quen abaixo asina:**

- Declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da bolsa
- Comprometese a cumprir os termos do convenio de prácticas Erasmus asinado

**Nome e apelidos:** .....

**DNI:**.....

**Estudante da Facultade/ Escola de** .....

**Acepto** a bolsa de mobilidade de prácticas Erasmus para o curso académico 2010/2011, concedida para ir á organización: .....  
.....situada en (país de destino): .....

O período da prácticas será de ..... meses.

Data de inicio da práctica: .....

Data de fin da práctica: .....

**Renuncio** á bolsa de práctica Erasmus para o curso académico 2010/ 2011, concedida para ir a: .....

Motivo da renuncia:

A Coruña/Ferrol, .....de ..... de 20

**ASINADO**